



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 6 DE MARZO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día seis de marzo de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2018

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución de Presidencia nº 2018/7307, Deputación provincial da Coruña. Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de socorrismo dirixido a concellos do interior



da provincia da Coruña durante o exercicio 2018. (Boletín Oficial da Provincia número 41, do día 28 de febreiro de 2018).

- Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas. (Diario Oficial de Galicia número 43, do 1 de marzo de 2018).

- R.P. 7709/2018, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, Deputación provincial da Coruña, que aproba a concesión provisional de subvencións do programa DP0029, dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo, ano 2018. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto "solicitud de subvención ao amparo da convocatoria do programa de subvencións aos concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio", cun importe de subvención de 12.667,20 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 43 do 2 de marzo de 2018).

- Resolución do 1 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se dá publicidade do acordo do Tribunal sobre a data de comezo de exercicio das súas funcións o día 2 de abril de 2018, incluído. (Diario Oficial de Galicia número 45, do 5 de marzo de 2018).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Aprobación do proxecto de obra "Mellora do camiño 000383 dende Fabás ata Armental, Cambre", incluída dentro do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018. Expediente: 2017/C003/000011

Vista a proposta de Alcaldía de data 1 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) ditou a Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 (DOG núm. 102, do 31 de maio de 2017).

Ao abeiro do disposto na citada resolución, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente ditou a Resolución núm. 1101/2017, do 16 de xuño, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

«**Primeiro:** Aprobar o proxecto "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre", redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal cun orzamento total de 46.563,74 €.

Segundo: Solicitar o outorgamento dunha subvención por importe de 38.807,00 € (19.403,50 € para a anualidade 2017, e 19.403,50 € para a anualidade 2018), para a realización do proxecto "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre",



conforme ao disposto na Resolución do 18 de maio de 2017 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2017-2018, publicada no DOG número 102 do 31 de maio de 2017.»

O 18 de maio de 2017 o director xeral da Agader aprobou a Resolución para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, concedéndolle ao Concello de Cambre unha axuda por importe de 38.807,00 euros. Esta resolución foi recibida o día 26 de setembro de 2017, a través do sistema Notifica.gal, e rexistrada de entrada no concello co núm. 0/8652 o mesmo día 26 de setembro.

Tendo en conta que segundo establece o artigo 121.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), a aprobación do proxecto de obras correspóndelle ao órgano de contratación.

Visto que o arquitecto municipal emitiu informe favorable ao proxecto, o día 3 de outubro de 2017, o cal considera viable dende o punto de vista urbanístico.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 1 de marzo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar o proxecto elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, para a execución da obra de “Mellora do camiño 000383 dende Fabás ata Armental, Cambre”, incluída dentro do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, cun orzamento base de licitación de 46.563,74 euros (IVE incluído).

Segundo: Acordar que pola técnica competente se efectúe o replanteo do proxecto, de conformidade co establecido no artigo 126 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2 Contratación da obra “Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2017”. Expediente: 2017/C003/000014

Vista a proposta de Alcaldía de data 2 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro de 2016, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, que foron publicadas no BOP núm. 226 do 29 de novembro de 2016.

O Pleno municipal do Concello de Cambre, en sesión extraordinaria e urgente do día 16 de febreiro de 2017, aprobou o citado Plan, incluíndo dentro do Plan complementario a obra de “*Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple*”, e aprobando, así mesmo, o correspondente proxecto elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, dona María Trillo Abuín, cun orzamento base de licitación de 75.053,50 euros (IVE incluído).

O 13 de febreiro de 2017, con carácter previo á aprobación do citado proxecto, o arquitecto municipal emitiu informe segundo o cal os traballos se realizarán sobre un solo de titularidade municipal, sen atoparse na zona de afección de ningunha outra administración, polo que, dende o punto de vista urbanístico, considera viable a actuación.

Con data 16 de febreiro de 2017 efectuouse o replanteo do proxecto, asinado pola redactora do proxecto e polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos.

Con data 20 de decembro de 2017 recíbese no Concello de Cambre, a través da plataforma Subtel do organismo provincial, a Circular, desa mesma data, sobre a aprobación da 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2017, na que se inclúe a relación de investimentos do Concello de Cambre definitivamente aprobados no POS+ Adicional 1/2017, para os cales se pode iniciar a súa adxudicación e posterior execución, figurando entre eles a obra de “*Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple*”.

Consta no expediente o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, de data 26 de decembro de 2017, no que dá o seu conforme ao proxecto elaborado externamente.

Tamén consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 18 de xaneiro de 2018 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 133.60900, por importe de 75.053,50 euros.

O 26 de decembro de 2017 o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, emite informe que, entre outros extremos, contén a proposta de criterios a valorar para adxudicar a citada obra, criterios que se corresponden cos contidos no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deben rexer na contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, publicado no BOP núm. 63, do 5 de abril de 2016, con proposta de aplicación do prezo como único criterio de negociación.

Figuran ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, responsable de Contratación, co conforme



da secretaria xeral e mailo interventor municipal, de data 2 de marzo de 2018, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 2 de marzo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar a obra denominada "*Mellora da seguridade viaria entre as rúas Otero Pedraio e A Coutelana, O Temple*", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2017", cun valor estimado de contrato de 74.433,23 euros (orçamento base sen IVE, 62.027,69 + 10% modificado do proxecto, 6.202,77 + 10% certificación final, 6.202,77), e un orçamento total de execución por contrata de 75.053,50 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 171.d) e 177.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), e no artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 1.000.000,00 euros (exp. nº 2017/C003/000014).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2018/133.60900.

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña con data 30 de decembro de 2015, e corrección de erros materiais do día 30 de marzo de 2016, publicado no BOP nº 63 do 5 de abril de 2016, así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: Como criterios para a adxudicación do contrato, segundo consta na cláusula 15.2 e máis no Anexo V.I do prego-tipo, empregaranse os seguintes, isto de conformidade coa proposta formulada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, con data 26 de decembro de 2017:

Programa de traballo (Máx. 35 ptos):

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

- a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.

c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describírase a forma en que se documentará fotográficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregárase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Valórase ata 35 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Entre 28,01 e 35 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Entre 21,01 e 28 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Entre 14,01 e 21 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Entre 7,01 e 14 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	Entre 0 e 7 Puntos

Porcentaxe de control de calidade (Máx. 9 ptos):

Comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o% (expresado con seis decimais) sobre o orzamento de execución material da obra, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme o previsto na cláusula 29 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.

Valórase ata 9 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Non se puntúa
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calculárase aplicando a seguinte fórmula: 3 puntos X _____% de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	Ata 9 puntos

Redución de prazos de execución (Máx. 5 ptos):

A proposta de redución de prazos de execución expresárase en días naturais. No suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Valórase ata 5 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan). Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

A redución de prazo será realista, se non está debidamente xustificada ou o prazo ofertado é irreal, non se valorará este punto.

Oferta económica (Máx 51 ptos):

Valórase ata 51 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo [Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela](http://www.dicoruna.es/valoracion/) (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

Tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 26 de decembro de 2017, e segundo establece a cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo da presente licitación, aplicarase como criterio de negociación a oferta económica.

Quinto: Designar unha Comisión de Negociación, para os efectos de levar a cabo a negociación que se contempla na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, integrada por:

- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias. En caso de ausencia a técnica do Departamento de Intervención en quen delegue.
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë. En caso de ausencia un técnico de igual ou superior categoría do Departamento de Servizos
- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Contratación, dona M^a Fernanda Montero Carré. En caso de ausencia unha técnica de igual ou superior categoría do Departamento de Secretaría

Sexto: De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 171.d) do TRLCSP, e publicar un anuncio na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e nun dos diarios de maior tiraxe, isto de conformidade co disposto polos artigos 169, 171 e 178 do TRLCSP, art. 93 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e cláusula 10.A) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excma.



Deputación Provincial da Coruña (BOP 05/04/2016), isto á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 200.000,00 euros.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.3 Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugo, O Temple", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017. Expediente: 2017/C003/000015

Vista a proposta de Alcaldía de data 2 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro de 2016, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, que foron publicadas no BOP núm. 226 do 29 de novembro de 2016.

O Pleno municipal do Concello de Cambre, en sesión extraordinaria e urxente do día 16 de febreiro de 2017, aprobou o citado Plan, incluíndo dentro do Plan complementario a obra de “Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugo, O Temple”, e aprobando, así mesmo, o correspondente proxecto elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, dona María Trillo Abuín, cun orzamento base de licitación de 133.546,42 euros (IVE incluído).

O 13 de febreiro de 2017, con carácter previo á aprobación do citado proxecto, o arquitecto municipal emitiu informe segundo o cal os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, polo que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración e, polo tanto, dende o punto de vista urbanístico a actuación considérase viable.

Con data 16 de febreiro de 2017 efectuouse o replanteo do proxecto, asinado pola redactora do proxecto e polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos.

Con data 20 de decembro de 2017 recíbese no Concello de Cambre, a través da plataforma Subtel do organismo provincial, a Circular, desa mesma data, sobre a aprobación da 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2017, na que se inclúe a relación de investimentos do Concello de Cambre definitivamente aprobados no POS+ Adicional 1/2017, para os cales se pode iniciar a súa adxudicación e posterior execución, figurando entre eles a obra de “Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugo, O Temple”.

Consta no expediente o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, de data 26 de decembro de 2017, no que dá o seu conforme ao proxecto elaborado externamente.



Tamén consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 18 de xaneiro de 2018 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 171.62500, por importe de 133.546,42 euros.

O 26 de decembro de 2017 o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, emite informe que, entre outros extremos, contén a proposta de criterios a valorar para adxudicar a citada obra, criterios que se corresponden cos contidos no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deben rexer na contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, publicado no BOP núm. 63, do 5 de abril de 2016, con proposta de aplicación do prezo como único criterio de negociación.

Figuran ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, responsable de Contratación, co conforme da secretaria xeral e mailo interventor municipal, de data 2 de marzo de 2018, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 2 de marzo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar a obra denominada “*Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugo, O Temple*”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2017”, cun valor estimado de contrato de 132.442,72 euros (orçamento base sen IVE, 110.368,94 + 10% modificado do proxecto, 11.036,89 + 10% certificación final, 11.036,89), e un orçamento total de execución por contrata de 133.546,42 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 171.d) e 177.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSF), e no artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 1.000.000,00 euros (exp. nº 2017/C003/000015).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2018/171.62500.

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña con data 30 de decembro de 2015, e corrección de erros materiais do día 30 de marzo de 2016, publicado no BOP nº 63 do 5 de abril de 2016, así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: Como criterios para a adxudicación do contrato, segundo consta na cláusula 15.2 e máis no Anexo V.I do prego-tipo, empregaranse os seguintes, isto de conformidade coa proposta



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

formulada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, con data 26 de decembro de 2017:

Programa de traballo (Máx. 35 ptos):

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han de realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

- Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, fichas técnicas dos elementos de xogo ofertados (incluso nome comercial dos xogos), sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.
- Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.
- Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describírase a forma en que se documentará fotográficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregárase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Valórase ata 35 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Entre 28,01 e 35 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Entre 21,01 e 28 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Entre 14,01 e 21 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Entre 7,01 e 14 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	Entre 0 e 7 Puntos

Porcentaxe de control de calidade (Máx. 9 ptos):

Comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o% (expresado con seis decimais) sobre o orzamento de execución material da obra, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme o previsto na cláusula 29 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.

Valórase ata 9 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Non se puntúa
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 puntos X _____% de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	Ata 9 puntos

Redución de prazos de execución (Máx. 5 ptos):

A proposta de redución de prazos de execución expresarase en días naturais. No suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

Valórase ata 5 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan). Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

A redución de prazo será realista, se non está debidamente xustificada ou o prazo ofertado é irreal, non se valorará este punto.

Oferta económica (Máx 51 ptos):

Valórase ata 51 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo [Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela](http://www.dicoruna.es/valoracion/) (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

Tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 26 de decembro de 2017, e segundo establece a cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo da presente licitación, aplicarase como criterio de negociación a oferta económica.

Quinto: Designar unha Comisión de Negociación, para os efectos de levar a cabo a negociación que se contempla na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, integrada por:

- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias. En caso de ausencia a técnica do Departamento de Intervención en quen delegue.
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë. En caso de ausencia un técnico de igual ou superior categoría do Departamento de Servizos



- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Contratación, dona M^a Fernanda Montero Carré. En caso de ausencia unha técnica de igual ou superior categoría do Departamento de Secretaría

Sexto: De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 171.d) do TRLCSP, e publicar un anuncio na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e nun dos diarios de maior tiraxe, isto de conformidade co disposto polos artigos 169, 171 e 178 do TRLCSP, art. 93 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e cláusula 10.A) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña (BOP 05/04/2016), isto á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 200.000,00 euros.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.4 Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Reordenación dos estacionamentos na rúa Río Sil, A Barcala", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos POS+ Adicional 1/2017. Expediente: 2017/C003/000016

Vista a proposta de Alcaldía de data 2 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro de 2016, aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, que foron publicadas no BOP núm. 226 do 29 de novembro de 2016.

O Pleno municipal do Concello de Cambre, en sesión extraordinaria e urxente do día 16 de febreiro de 2017, aprobou o citado Plan, incluíndo dentro do Plan complementario a obra de “*Reordenación dos estacionamentos na rúa Río Sil, A Barcala*”, e aprobando, así mesmo, o correspondente proxecto elaborado pola enxeñeira de camiños, canles e portos, dona María Trillo Abuín, cun orzamento base de licitación de 68.151,75 euros (IVE incluído).

O 13 de febreiro de 2017, con carácter previo á aprobación do citado proxecto, o arquitecto municipal emitiu informe segundo o cal os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, polo que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración e, polo tanto, dende o punto de vista urbanístico a actuación considérase viable.



Con data 16 de febreiro de 2017 efectuouse o replanteo do proxecto, asinado pola redactora do proxecto e polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos.

Con data 20 de decembro de 2017 recíbese no Concello de Cambre, a través da plataforma Subtel do organismo provincial, a Circular, desa mesma data, sobre a aprobación da 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2017, na que se inclúe a relación de investimentos do Concello de Cambre definitivamente aprobados no POS+ Adicional 1/2017, para os cales se pode iniciar a súa adjudicación e posterior execución, figurando entre eles a obra de "Reordenación dos estacionamentos na rúa Río Sil, A Barcala".

Consta no expediente o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, de data 26 de decembro de 2017, no que dá o seu conforme ao proxecto elaborado externamente.

Tamén consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 18 de xaneiro de 2018 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 133.60900, por importe de 68.151,75 euros.

O 26 de decembro de 2017 o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, emite informe que, entre outros extremos, contén a proposta de criterios a valorar para adjudicar a citada obra, criterios que se corresponden cos contidos no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deben rexer na contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, publicado no BOP núm. 63, do 5 de abril de 2016, con proposta de aplicación do prezo como único criterio de negociación.

Figuran ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, responsable de Contratación, co conforme da secretaria xeral e maillo interventor municipal, de data 2 de marzo de 2018, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 2 de marzo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adjudicar a obra denominada "*Reordenación dos estacionamentos na rúa Río Sil, A Barcala*", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2017", cun valor estimado de contrato de 67.588,52 euros (orçamento base sen IVE, 56.323,76 + 10% modificado do proxecto, 5.632,38 + 10% certificación final, 5.632,38), e un orzamento total de execución por contrata de 68.151,75 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 171.d) e 177.2 do Texto refundido



da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), e no artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 1.000.000,00 euros (exp. nº 2017/C003/000016).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2018/133.60900.

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña con data 30 de decembro de 2015, e corrección de erros materiais do día 30 de marzo de 2016, publicado no BOP nº 63 do 5 de abril de 2016, así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: Como criterios para a adxudicación do contrato, segundo consta na cláusula 15.2 e máis no Anexo V.I do prego-tipo, empregaranse os seguintes, isto de conformidade coa proposta formulada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, con data 26 de decembro de 2017:

Programa de traballo (Máx. 35 ptos):

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

- a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.
- b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.
- c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describírase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregárase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Valórase ata 35 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Entre 28,01 e 35 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Entre 21,01 e 28 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Entre 14,01 e 21 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Entre 7,01 e 14 Puntos



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	Entre 0 e 7 Puntos
---	--------------------

Porcentaxe de control de calidade (Máx. 9 ptos):

Comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o% (expresado con seis decimais) sobre o orzamento de execución material da obra, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme o previsto na cláusula 29 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.

Valórase ata 9 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Non se puntúa
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 puntos X _____% de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	Ata 9 puntos

Redución de prazos de execución (Máx. 5 ptos):

A proposta de redución de prazos de execución expresarase en días naturais. No suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

Valórase ata 5 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan). Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

A redución de prazo será realista, se non está debidamente xustificada ou o prazo ofertado é irreal, non se valorará este punto.

Oferta económica (Máx 51 ptos):

Valórase ata 51 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo [Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela](http://www.dicoruna.es/valoracion/) (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

Tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 26 de decembro de 2017, e segundo establece a cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo da presente licitación, aplicarase como criterio de negociación a oferta económica.



Quinto: Designar unha Comisión de Negociación, para os efectos de levar a cabo a negociación que se contempla na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, integrada por:

- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias. En caso de ausencia a técnica do Departamento de Intervención en quen delegue.
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë. En caso de ausencia un técnico de igual ou superior categoría do Departamento de Servizos
- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Contratación, dona M^a Fernanda Montero Carré. En caso de ausencia unha técnica de igual ou superior categoría do Departamento de Secretaría

Sexto: De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 171.d) do TRLCSP, e publicar un anuncio na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e nun dos diarios de maior tiraxe, isto de conformidade co disposto polos artigos 169, 171 e 178 do TRLCSP, art. 93 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e cláusula 10.A) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña (BOP 05/04/2016), isto á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 200.000,00 euros.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 23 ao 28 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade número 450/2018 e remata coa resolución da alcaldía número 482/2018, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
450/2018	23/02/2018	Autorización apertura urna sinalada letra A, no panteón perimetral nº 105, no cemiterio municipal de Cambre, para inhumar o cadáver de don ARG, falecido o 2 de febreiro de 2018



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

451/2018	23/02/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27 de febreiro de 2018
452/2018	23/02/2018	Concesión autorización apertura urna sinalada letra C, no panteón perimetral nº 225, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona MTMB, falecida o día 12 de febreiro de 2018.
453/2018	23/02/2018	Conceder a axuda recibo luz por importe de 65,37 euros. Solicitante: MPFM
454/2018	23/02/2018	Lista provisional admitidos/excluídos selección dun técnico en promoción económica interino e elaboración de lista de reserva
455/2018	23/02/2018	Procedemento sancionador de tráfico DII (P 4404)
456/2018	26/02/2018	Conceder o anticipo dúas mensualidades ao funcionario de carreira RP
457/2018	26/02/2018	Solicitude de renovación de certificado de empregado público a nome de MVVC
458/2018	26/02/2018	Aprobación programa "Obradoiros de Semana Santa 2018"
459/2018	26/02/2018	Conceder a axuda parte de recibo de gas por importe de 136,89 euros. Solicitante: IGM
460/2018	26/02/2018	Renuncia axuda recibo luz de MTOL
461/2018	26/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MBIP
462/2018	26/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JFBP
463/2018	26/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: KDLC
464/2018	26/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SCDLA
465/2018	26/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JLSL
466/2018	26/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CRG
467/2018	26/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MMSD
468/2018	26/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RCC
469/2018	26/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		proxecto. Solicitante: AUM
470/2018	26/02/2018	Conceder a axuda recibo auga por importe de 66,17 euros. Solicitante: PCA
471/2018	26/02/2018	Conceder a axuda recibo auga por importe de 70,16 euros. Solicitante: FKPP
472/2018	26/02/2018	Conceder a axuda recibo auga por importe de 74,50 euros. Solicitante: MJPV
473/2018	26/02/2018	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na nave sita na Xira, Sigrás. Solicitante: UFD, S.A.
474/2018	26/02/2018	D12-Solicitude para participar na subvención de enerxías renovables 2018
475/2018	26/02/2018	Conceder a axuda para 2 recibos luz por importes de 71,78 e 66,51 euros e recibo de auga por importe de 59,39 euros. Solicitante: MPVD
476/2018	27/02/2018	D12-Corrección de erro material na memoria técnica para a actuación; instalación de caldeira de biomasa no campo de fútbol municipal Os Pinares (solicitude para participar na subvención de enerxías renovables 2018)
477/2018	27/02/2018	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, por importe total de 52.981,20 euros
478/2018	28/02/2018	Transmisión do dereito de uso privativo das urnas sinaladas coas letras A, B, C e D do pantón perimetral número 47. Admisión a trámite.
479/2018	28/02/2018	Solicitude de axudas da Unión Europea destinada a estratexia de desenvolvemento local participativo a través da Consellería do Mar e o Grupo de Acción Local Pesqueiro Golfo Ártabro Sur para a posta en marcha do proxecto OPEN SCIENCE CAMBRE
480/2018	28/02/2018	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención (R2,S.L. e máis) por un importe total de 159.309,94 euros
481/2018	28/02/2018	Aprobación inicial do plan especial de infraestruturas e dotacións para a realización dun espazo dotacional público en Anceis
482/2018	28/02/2018	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xaneiro de 2018, por un importe total de 8.162,85 euros

5º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Recibiu no seu despacho a Daniel Salgado Canosa, alumno do Colexio David Bujan de Sigrás, para facerlle unha entrevista para concurso da Voz de Galicia.
- Trasládouse ao Graxal, para entrevistarse coa presidenta e tesoreiro da asociación veciñal, Estivo vendo o local da 3 Idade con motivo do curso de pandereita .
- Mantivo unha reunión co presidente da Asociación de Anceis, referente a pista polideportiva e anteder varias solicitudes para a parroquia.
- Sábado día 3 de marzo ás 21:00 horas estivo en Villa Concepción, vendo a proxección da película "Una mujer Fantástica", galardoada cun Oscar á película de fala non inglesa o día 4 de marzo do 2018.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 28 de febreiro, no seu despacho tivo lugar a Mesa Local do Comercio na que participou en calidade de presidenta. Actuaron como vogais don Francisco Chas Docal, xefe da sección de Actividade Comercial da Xunta de Galicia; don Santiago Alcalde, en representación da asociación de Empresarios de Cambre; dona Esther Andrade, en representación da Asociación de Amas de casa, consumidores e usuarios de Sigrás; dona María del Carmen Rioboo, da Asociación de Amas de casa, consumidores e usuarios de Sigrás. Actuou como secretaria da Mesa dona Beatriz Castro Pico.
- O día 2 de marzo visitou a feira de Cambre xunto coa técnica ADL Beatriz Castro Pico, co fin de entregar a diferente documentación aos vendedores ambulantes.
- O domingo día 4 de marzo visitou os diferentes postos que participaron na feira de oportunidades Temple-Stock.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- APP Omix: descargas, 2.291 e total de visitas, 36.798.
- Casa da Xuventude:

Xoves, día 1 de marzo: "Eu fun polo mundo".

Venres, día 2 de marzo: "Por fin é venres" (PFEV) taller de cociña: pizzas con tixola, dezasete mozos.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta do seguinte asunto:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Venres 3 asistiu á proxección da película "Una mujer inesperada" na Casa da Cultura-Vila Concepción.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de:

- Adxudicación á empresa "Ártabra Comunicación, S.L.", no importe ofertado de 3.095,00 euros sen IVE (3.218,80 euros IVE incluído) para cada tirada de 12.000 exemplares, da edición dun boletín de información municipal para o Concello de Cambre. Expediente: 2018/C002/000003

sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Adxudicación á empresa "Ártabra Comunicación, S.L.", no importe ofertado de 3.095,00 euros sen IVE (3.218,80 euros IVE incluído) para cada tirada de 12.000 exemplares, da edición dun boletín de información municipal para o Concello de Cambre. Expediente: 2018/C002/000003

Vista a proposta de Alcaldía de data 5 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data do 26 de febreiro de 2018, esta Alcaldía dicta Providencia pola que se acorda incoar expediente para contratación dun boletín informativo municipal para o Concello de Cambre, así como que se elabore o correspondente prego de prescricións técnicas que rexerán para a prestación do servizo.

Con data do 27 de febreiro seguinte, emítase informe pola técnica de xestión de Administración xeral, ao que se achega o correspondente prego de prescricións técnicas, cun importe de execución por contrata de 3.500,00 euros IVE incluído, (para cada tirada de 12.000 exemplares), e un valor estimado de 13.461,54 euros.

Con data do 28 de febreiro de 2018, cúrsase invitación a participar na licitación a tres entidades capacitadas para a execución do contrato, que constan no expediente, ("Ártabra Comunicación, S.L." ; "White Spirit, S.L." e "Olivo Consulting de Proyectos Empresariales, S.L."), constando no expediente a recepción das tres solicitudes enviadas, así como a presentación das tres proposicións dentro do prazo establecido para o efecto.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito de data 2 de marzo de 2018.

Con data do 5 de marzo de 2018 emítase informe pola técnica de xestión de Administración xeral, do que resulta que a única empresa das que fóron invitadas a participar na licitación que cumpríu cos requisitos de acreditación da súa capacidade e achega da documentación previa solicitada, e polo tanto pode ser admitida na licitación, é a empresa "Ártabra Comunicación, S.L.",



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

comprometéndose á execución do contrato no importe (para cada tirada de 12.000 exemplares) de 3.095,00 euros sen IVE, (3.218,80 euros IVE incluído).

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei dos contratos do sector público (TRLCSP), establecen que nos contratos distintos aos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000,00 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 5 de marzo do actual, e incoado expediente de contratación nº TEDeC 2018/C002/000003

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a proposta da Alcaldía para a contratación da edición dun boletín de información municipal para o Concello de Cambre, así como o prego de prescricións técnicas elaborado pola técnica de xestión de Administración xeral, para a prestación do servizo , cun importe de execución por contrata de 3.500,00 euros IVE incluído, (para cada tirada de 12.000 exemplares), e un valor estimado de 13.461,54 euros.

Segundo: Aprobar a realización do gasto con cargo á aplicación orzamentaria 920.22602.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte. nº 2018/C002/000003, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por canto o importe do contrato é inferior a 18.000,00 euros.

Cuarto: Tendo en conta o establecido nos artigos 54, 57 , 60 e 72 do Real decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, respecto dos requisitos para poder contratar co sector público, así como o establecido nos artigos 145 e 146 do mesmo corpo legal, respecto das proposicións dos interesados e da presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, inadmitir a oferta presentada pola entidade "Olivo Consulting de Proyectos Empresariales, S.L." , por non acreditar debidamente a súa capacidade de obrar nin o requisito de atoparse ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, xa que esta entidade non achegou a copia da escritura de constitución onde conste o seu obxecto social, que lle fóra solicitada segundo invitación cursada con data do 28 de febreiro actual, así como tampouco acredita atoparse ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, xa que o certificado presentado, (do día 01/02/17), non ten validez á data de hoxe, isto á vista do establecido no artigo 16.3 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, que, con relación ás certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

tributarias e coa Seguridade Social indica que *“Unha vez expedida a certificación terá validez durante o prazo de seis meses a contar desde a data da expedición”*.

Quinto: Tendo en conta o establecido nos artigos 54, 57, 60 e 72 do Real decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, respecto dos requisitos para poder contratar co sector público, así como o establecido nos artigos 145 e 146 do mesmo corpo legal, respecto das proposicións dos interesados e da presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, inadmitir a oferta presentada pola entidade “White Spirit, S.L.”, por non acreditar debidamente a súa capacidade de obrar nin o requisito de atoparse ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, xa que esta entidade non achegou a copia da escritura de constitución onde conste o seu obxecto social, nin a certificación acreditativa de atoparse ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, que lle fóran solicitadas segundo invitación cursada con data do 28 de febreiro actual.

Sexto: Adxudicar o contrato no prezo ofertado sen IVE de 3.095,00 euros para cada tirada de 12.000 exemplares, (prezo IVE incluído : 3.218,80 euros) á prol da empresa “Ártabra Comunicación, S.L.”, co CIF B 70408869 e enderezo na rúa Merced nº 75 B, andar 2º, porta D, 15009 A Coruña, por ser a única empresa das que fóron invitadas a participar na licitación que cumpriu cos requisitos de acreditación da súa capacidade e achega da documentación previa solicitada para participar na licitación, sen atoparse incurso en presunción de temeridade.

Sétimo: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Oitavo: Notifíquese aos licitadores participantes, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso –Administrativo do Tribunal Supremo de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia